

MEMORIA APCG

OBRADOIROS

20
22



MEMORIA APCG

**OBRADOIRO DE
ESPAZO DRAMÁTICO
CON PABLO
IBARLUZEA**

**20
22**



DOCENTE: Pablo Ibarluzea

DURACIÓN: 20h

FORMACIÓN: PRESENCIAL, Realizada no Centro Cívico Romaño en Santiago de Compostela.

DATAS: 2, 3, 4 e 5 de MAIO de 2022.

Obxectivos do Curso:

Sentiches algunha vez, ao entrar nun lugar, que todo o espazo pertencíache? Ou, ao contrario, que che oprimía.

Como nos afecta a cor das paredes ou as formas dos mobles e os espazos que habitamos? Como afecta o espazo á nosa maneira de comportarnos e ás nosas emocións? Por que sentimos mais pequenos cando entramos nun lugar estreito ou nos abrimos e sentímonos mais grandes ao acceder a un gran espazo aberto?

No noso percorrido como pedagogos descubrimos a importancia das formas e as estruturas, as direccións das emocións, a arquitectura das paixóns... O estudo do Espazo é un dos eixos nos que queremos incidir de maneira especial e que entendemos como elemento fundamental da formación de calquera artista. Desexamos formar artistas capaces de servirse do espazo e das diferentes dramaturxias que ofrece. O coñecemento das leis e forzas que operan no mesmo é necesario para comprender e situar calquera traballo ou creación escénica. Recoñeceremos as direccións das paixóns, as emocións e os personaxes no espazo. Investigaremos como se organizan as tensións nunha escena, entre dous personaxes, durante o xogo dunha situación. Aprenderemos a influencia que ten no noso corpo e como podemos servirmos del como ferramenta para as nosas creacións.



Imaxen de RRSS para a promoción do Obradoiro



En unha das explicacións prácticas

METODOLOXÍA

Neste curso propoñemos unha mestura entre a Arquitectura do espazo e o Teatro. Aprenderemos algunhas das bases do traballo co Movemento e o Espazo e a súa aplicación ao traballo escénico do actor. Dividiremos este traballo do Espazo en dous elementos: Creación de espazos de Ficción e Dinámicas do espazo real.

O Espazo real: Todo está en movemento e todo movemento sucede nun espazo determinado. Os límites do espazo modifican a amplitude dos nosos movementos e a nosa maneira de habitar eses espazos. Iso que normalmente chamamos “presenza” non é senón a capacidade de ocupar o espazo co corpo, de modificalo cando estamos no escenario. Para iso temos que apropiarnos do espazo, sentilo e ser capaces de “move-lo”.

O espazo de ficción: Un bo actor consegue que o público esqueza por completo o espazo real onde se atopa e viaxe coa súa imaxinación alá onde lle leve o personaxe. En cada función o actor enfróntanse ao reto de crear, desde se mesmo, ese espazo imaxinario independentemente do espazo real onde se atope: hoxe nun escenario pequeno e ao seguinte nun inmenso anfiteatro.

CURRICULUM

Actor, Director e Pedagogo teatral diplomado por École International de Théâtre JACQUES LECOQ (Paris) e Estudis Escénics O TIMBAL (Barcelona) e formado ao Clown con PHILIPPE GAULIER (Paris) en cuxa escola pasou posteriormente a impartir clases de Movemento, Clown e Máscara Neutra. En 2008 funda YINdeYAN en Llaudio-Llodio, en cuxo seo imparte cursos internacionais de formación ao Teatro Físico/Gestual, as Máscaras e o Clown. Ademais impartiu diversos cursos a nivel internacional. A súa carreira profesional, principalmente ligada ao Teatro Físico/Gestual, a improvisación e a linguaxe de máscaras en procesos de creación colectiva, levoulle a traballar en España, Francia, Irlanda, Bélxica, Inglaterra, Holanda, Alemaña, Noruega, Suíza, Italia, Estados Unidos, Canadá, Brasil, Arxentina, Polonia e Rep. Checa.



Instante do obradoiro

RESUMEN



O taller de Espazo Dramático, ``Arquitectura das Emocións`` con Pablo Ibarluzea, desenrolouse nas datas do 2 ao 5 de Maio do 2022 en horario de 9h a 14h.

Un total de 20 horas de traballo presencial que se levaron a cabo na sala Auditorio do Centro Cívico Romaño-Vista Alegre, en Santiago de Compostela, cedido polo Concello de Santiago.

A este curso asistiron 14 persoas das cales 9 eran socias da APCG e 5 eran persoas do público Xeral. Todos os asistentes tiñan experiencia no campo das artes escénicas.

O curso foi de carácter práctico e físico, todos os días comezamos cun quencemento e entreno físico de 1h para preparar o corpo e telo disponible ao movemento.

Realizamos dinámicas de carácter individual traballando todos ao tempo, en parellas, e colectivas.

Tamen improvisacións con público para observar dende fora o traballo que estábamos a realizar.

Traballamos os concepto de espacio real e espacio imaxinario, como mover e xerar espazos coas velocidades, as tensións corporais, as coas cores, o concepto de equilibrio/desequilibrio, acción reacción, os puntos fixos, a creación de espazos escenográficos con elementos cotias.

Foi un curso práctico onde as asistentes íbamos recollendo notas entre os exercicios e as súas explicacións, e ao finalizar o curso, fixemos unha posta en común e elaboramos uns apuntes coa información recollida.



Foto final con todas as alumnas.

CONCLUSIÓN S




Coa realización do curso puxemos en valor a consciencia e o uso consciente do espazo que nos rodea nas pezas de Circo.

No sector circense existe unha tendencia en prestarlle máis atención ás técnicas e ás formas, e o feito de traballas sobre o espazo vacío foi moi positivo e revelador para moitas das participantes.

A raíz do desenrolo de este curso, dúas das persoas asistentes decidiron continuar a formación na Escola que Pablo Ibarluzea ten en Bilbao polo interese que este xenerou, unha das socias asistiu a facer o curso intesivo de dous meses de verán, e outra socia o curso anual.

ORGANIZA



COLABORA



MEMORIA APCG

**OBRADOIRO DE
DRAMATURXÍA PARA
PEZAS DE
CIRCOCONTEMPORANEO**

**20
22**



DOCENTE: Noemí Rodríguez

DURACIÓN: 20h

FORMACIÓN: PRESENCIAL, Realizada no Centro Cívico Romaño en Santiago de Compostela.

DATAS: 3, 4, 5 e 6 de OCTUBRO do 2022.

Obxectivos do Curso:

- Coñecer dende o punto de vista do corpo en movemento os principios de construción dramática.
- Estudo da expectativa e tensión dramática como ferramentas fundamentais na construción de historias.
- Desenvolver a capacidade de xogo, imaxinación e intuición artística.
- Implementar a autonomía creativa do grupo e os individuos, o seu compromiso, responsabilidade e xenerosidade.
- Desenvolver a conciencia corporal como recurso necesario para escribir e crear no espazo.
- Estudo do tempo, ritmo e espazo como elementos fundamentais na texto escrito e a posta en escena.
- Integrar nocións dos procesos de creación colectiva e do traballo en grupo.
- Que o alumno sexa capaz de vincular o seu traballo co seu contexto, a través da observación precisa da contorna.



Imaxen de RRSS para a promoción do Obradoiro



En unha das explicacións prácticas

METODOLOXÍA

- Training físico e vocal.
- Estudo de principios fundamentais para a construción de estruturas dramáticas a través de exercicios de movemento e escritura.
- Composición coreográfica e dramatúrxica.
- Ferramentas para definir un plantexamento dramatúrxico que axude a enmarcar a creación de pezas de circo contemporáneo.
- Disparadores temáticos e improvisacións guiadas.
- Análises de movemento no espazo escénico.
- Tempo de ensaio e creación (individual e/o colectivo).
- Feedback personalizados.

CURRICULUM

Teatro EnVilo é unha compañía internacional de teatro e performance afincada en Madrid e fundada en Londres en 2012. Teatro EnVilo funciona como un colectivo itinerante que serve como plataforma para colaboracións internacionais e interdisciplinares entre creadores de escena, artistas e investigadores provenientes de países de todo o mundo. A compañía persegue un constante diálogo coa súa contorna social, político e persoal, o que lle obriga a constantemente renovar tamén a súa linguaxe escénica. Os seus espectáculos, performances, eventos e talleres buscan situarse na delgada liña que separa o teatro da vida e a ficción da realidade. Combinando o improvisado e o coreográfico, o grotesco e o autobiográfico, o humor absurdo e a comedia gestual, a tenrura e a irreverencia, Teatro En albas lanzouse á apaixonante aventura de tentar desentrañar o tempo en que vivimos. Na nosa vontade de levar o teatro fóra dos escenarios desenvolvemos nos últimos anos unha batería de talleres e cursos que xogan un papel fundamental na traxectoria da compañía, pois serven como exploración do teatro que queremos facer e como outra maneira de entender o proceso e a finalidade do noso traballo.



Instante do obradoiro

RESUMEN



O taller de Dramaturxía para pezas de circo contemporáneo, con Noemí Rodríguez de Teatro ENVILO, desenrolouse nas datas do 3 ao 6 de Outubro do 2022 en horario de 9h a 14h.

Un total de 20 horas de traballo presencial que se levaron a cabo na sala Auditorio do Centro Cívico Romaño-Vista Alegre, en Santiago de Compostela, cedido polo Concello de Santiago.

A este curso asistiron 14 persoas das cales 12 eran socias da APCG e 2 eran persoas do público Xeral. Todos os asistentes tiñan experiencia no campo das artes escénicas especialmente no ámbito do circo.

O curso foi de carácter práctico e físico, todos os días comezamos cun quencemento e entreno físico de 1h para preparar o corpo e telo disponible ao movemento.

Realizamos dinámicas de carácter individual traballando todos ao tempo, en parellas, e colectivas.

Tamen improvisacións con público para observar dende fora o traballo que estábamos a realizar.

Traballamos os conceptos como os 6 sonidos de Lecoq, onde poñemos o foco na tensión dramática, cómo estirar este evento e ter o espectador a espera.

Outro concepto foi o salto ou o evento, que é o tema do que cada persoa ten a necesidade de falar enriba da escena

Foi un curso práctico onde as asistentes íbamos recollendo notas entre os exercicios e as súas explicacións, e ao finalizar o curso, fixemos unha proposta ou traballo individual, cada un co seu evento ou salto.



Foto final con todas as alumnas.

CONCLUSIÓN




Coa realización do curso puxemos en valor a consciencia dos temas que nos moven.

Cómo xerar temas ou dramaturxias era unha das preguntas que Noemi puido contestarnos ao longo do obradoiro.

Con exercicios prácticos, onde todo acababa en poñerlle valor, corazón e tensión dramática.

Abriu un novo horizonte que de seguro cambiará os temas e as formas de crear dentro do tecido galego do circo.

ORGANIZA



COLABORA

